

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés				
Materia	Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01401			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	2c
Lingua de impartición	Galego Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Bringas López, Ana María			
Profesorado	Bringas López, Ana María			
Correo-e	abringas@uvigo.gal			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia fornece estratexias xerais de lectura, así como pautas específicas para aplicar á interpretación e análise de textos literarios de natureza diversa. Está orientada a favorecer o desenvolvemento de destrezas comunicativas mediante a práctica da lectura, a escritura e a expresión oral, así como a expor ao alumnado ao reto emocional e intelectual que supón enfrontarse a textos heteroxéneos tanto no que respecta á súa tipoloxía diversa, á súa temática variada ou á súa pertenza a xéneros e estéticas diferentes. Ademais da introdución ao vocabulario específico e á terminoloxía crítica e da identificación dos recursos formais e aspectos estilísticos relevantes, a materia persegue formar o alumnado para que desenvolva o seu espírito crítico ante a lectura dun texto literario de xeito que poida responder combinando a súa capacidade de interpretación persoal e creativa cun discurso crítico informado e rigoroso.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.

B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C142	Coñecer e comprender as/os principais autoras/es e textos da literatura escrita no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos, sociais e culturais, distinguindo os principais movementos, épocas e tendencias.
C143	Analizar, interpretar e comentar as obras literarias seleccionadas, establecendo o marco no que se xeraron e analizando, a partir do texto, os trazos sociais ideolóxicos, históricos e culturais das obras.
C144	Visibilizar e pór en valor as achegas feitas polas mulleres á literatura escrita no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos, sociais e culturais.
C145	Identificar o papel desempeñado polas expresións literarias nas relacións entre grupos dominantes e/ou minoritarios.
C146	Coñecer e comprender os procesos relacionados coa creación de textos literarios no primeiro idioma estranxeiro de diversos xéneros e procedentes de diversas tradicións.
C150	Recoñecer no texto as convencións especiais que operan no ámbito da comunicación literaria. O alumnado ha de identificar e interpretar os elementos propios dun texto literario (tema, acción, personaxes, punto de vista. etc)
C151	Manexar a terminoloxía básica do primeiro idioma estranxeiro empregada no comentario de textos literarios en relación cos xéneros literarios, as figuras de dicción, os trazos estilísticos, os elementos narrativos, etc.
C152	Coñecer as tendencias actuais da teoría e crítica literaria, aplicando algúns dos enfoques críticos actuais á análise de textos literarios no primeiro idioma estranxeiro.
C153	Adquirir un sólido método de análise literaria que transcienda a mera aproximación subxectiva e intuitiva dos textos.
C154	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais no primeiro idioma estranxeiro, formulando hipótese, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de maneira eficaz e válida, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
C155	Participar en debates e actividades de grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural nos países da primeira lingua estranxeira, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e valores democráticos.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento e comprensión de autoras/es, obras e movementos representativos da literatura do primeiro idioma estranxeiro.	A1 A3 A5	B2 B3 B10 B11	C142 C144 C145 C152
Desenvolvemento de hábitos críticos que permitan explorar os textos de forma autónoma e creativa.	A2 A3 A5	B5 B6 B7 B8 B9	C153 C154 C155
Posta en valor das achegas das mulleres e das minorías á expresión literaria do primeiro idioma estranxeiro.	A5	B11	C144 C145
Comprensión de conceptos fundamentais relacionados coa creación e a análise de textos literarios.	A3 A5	B4 B5 B13	C146 C150 C151 C153

Adquisición dun método de comentario de texto que permita a análise sobre a mera interpretación.	A3 A5	B4 B8 B12	C153 C154
Eficacia na consulta de fontes bibliográficas cun certo grao de autonomía e a súa posterior utilización en exposicións ou argumentacións en torno a temas literarios.	A4 A5	B12	
Iniciación na investigación literaria mediante a realización de traballos específicos que fomenten a escritura científica sobre temas literarios.	A4	B9	C143 C154

Contidos

Tema	
1. Reading literature	1.1. What is literature? 1.2. Ways of reading: Critical strategies for reading literature 1.3. Writing about literature
2. Poetry	2.1. What is poetry? How do we read it? 2.2. The language of poetry: diction; imagery; figures of speech; symbol; irony 2.3. The sounds of poetry: rhyme, rhythm and metre 2.4. Poetic form: fixed-form and open-form poetry 2.5. Analysis of a selection of poetic texts
3. Narrative	3.1. What is narrative? Narrative genres 3.2. Elements of fiction: theme, point of view, plot and structure, character, setting 2.5. Analysis of a selection of narrative texts
	N.B. Para cada bloque do temario, o alumnado disporá dunha selección de textos teórico-críticos para ampliar e reforzar conceptos. A profesora ofrecerá tamén, para a súa análise detallada, unha selección de textos literarios (poéticos e narrativos) de autoras e autores de diversas épocas e tradicións culturais de expresión inglesa. Os textos estarán a disposición do alumnado na plataforma de teledocencia Moovi antes do comezo do cuadrimestre.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	30	30	60
Estudo previo	0	36	36
Traballo tutelado	42	45	87
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	18	20
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	18	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición en lingua inglesa por parte da profesora dos contidos teóricos da materia.
Estudo previo	O alumnado deberá ler os textos obrigatorios, tanto os teórico-críticos coma os diversos textos literarios, con antelación ás clases en que se comentarán.
Traballo tutelado	Exercicios prácticos e comentarios de texto realizados polo alumnado, individualmente ou en grupo, baixo a dirección e supervisión da profesora. Poderán ser tanto orais coma escritos e neles o alumnado deberá aplicar os contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais. Nas sesións prácticas de comentario de textos, empregarase a lingua galega.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (no despacho da profesora durante o horario de titorías) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma Moovi de teledocencia, o Campus Remoto e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame parcial ao remate do primeiro bloque de contidos (poesía). Será obxecto de exame todo o material visto en clase. Ademais, o exame poderá conter preguntas sobre textos poéticos non vistos en clase. Na avaliación desta proba terase en conta tanto o contido coma a súa correcta expresión lingüística e presentación formal.	50	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13	C142 C143 C144 C145 C146 C150 C151 C152 C153 C154 C155
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame parcial ao remate do segundo bloque de contidos (narrativa). Será obxecto de exame todo o material narrativo visto en clase. Ademais, o exame poderá conter preguntas sobre algún texto narrativo fornecido pola profesora que non fora visto en clase. Na avaliación desta proba terase en conta tanto o contido coma a súa correcta expresión lingüística e presentación formal.	50	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13	C142 C143 C144 C145 C146 C150 C151 C152 C153 C154 C155

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

A avaliación en primeira edición de actas (maio) pode ser continua (dous exames parciais) ou única (un exame global).

Avaliación continua

É obrigatorio realizar os dous exames previstos na avaliación. Os exames non realizados contarán coma un cero. Se un/ha alumna/o, por causas de forza maior debidamente xustificadas, non puidese realizar algún dos exames parciais, deberá falar coa profesora, con anterioridade á data da súa realización, para estabelecer unha nova data.

O primeiro exame parcial terá lugar ao remate do primeiro bloque de contidos (Poesía) e o segundo exame parcial realizarase ao remate do segundo bloque (Narrativa). Ambas as dúas datas serán consensuadas co alumnado e anunciadas a través de Moovi. A cualificación obtida en cada exame parcial computará polo 50% da cualificación final. Para superar a materia é preciso que a media dos dous exames sexa como mínimo de 5 (cunha nota mínima de 4 en cada parte). No caso de que a cualificación do primeiro parcial (Poesía) non acade un 4, a/o estudante poderá repetir esa parte do temario mediante un exame que se celebrará na data do exame oficial.

Todas as probas se cualificarán tendo en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa correcta expresión lingüística (oral e/ou escrita) e presentación formal. A existencia de erros lingüísticos graves e/ou unha deficiente presentación formal (ausencia de marxes, mala caligrafía, texto riscado etc) causará unha penalización do 10% na cualificación final da proba en cuestión.

Avaliación única

Constará dun exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise e interpretación de textos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data oficial estabelecida no calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posíbel, o cal se recomenda encarecidamente. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsábel de manter un contacto continuado coa materia a través de Moovi.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO-XULLO)

Na segunda edición de actas, o alumnado de avaliación continua deberá repetir unicamente aquelas probas non superadas na primeira edición.

O alumnado de avaliación única será avaliado mediante un exame global baseado nos contidos da materia, cuxa nota

constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data oficial de xuño ou xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

OBSERVACIÓNS XERAIS

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais dispoñíbeis na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas de avaliación.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas e titorías con regularidade e se implique activamente no seu proceso de aprendizaxe.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Goring, Paul, Jeremy Hawthorn and Domhnall Mitchelll, **Studying Literature: The Essential Companion**, 2nd ed., Bloomsbury Academic, 2010

Griffith, Kelley, **Writing Essays about Literature: A Guide and Style Sheet**, 9th ed., Wadsworth, 2013

Meyer, Michael, **Poetry: An Introduction**, 7th ed., Bedford/St Martin's, 2013

Pugh, Tison and Margaret E. Johnson, **Literary Studies: A Practical Guide**, 1st ed., Routledge, 2014

Wolfreys, Julian, **The English Literature Companion**, 1st ed., Palgrave Macmillan, 2011

Bibliografía Complementaria

Abrams, M.H., **A Glossary of Literary Terms**, 7th ed., Cornell University, 1999

Cavanagh, Dermot et al, eds., **The Edinburgh Introduction to Studying English Literature**, 1st ed., Edinburgh University Press, 2010

Ferber, Michael, **A Dictionary of Literary Symbols**, 1st, Cambridge University Press, 1999

Marsh, Nicholas, **How to Begin Studying Literature**, 4th ed., Palgrave, 2016

Montgomery, Martin et al., **Ways of Reading: Advanced Reading Skills for Students of English Literature**, 4th ed., Routledge, 2013

Rainsford, Dominic, **Studying Literature in English: An Introduction**, 1st ed., Routledge, 2014

Tyson, Lois, **Critical Theory Today: A User-Friendly Guide**, 3rd ed., Routledge, 2015

Tyson, Lois, **Using Critical Theory: How to Read and Write about Literature**, 2nd ed., Routledge, 2011

Wolfreys, Julian, ed., **Introducing Criticism at the 21st Century**, 2nd ed., Edinburgh University Press, 2015

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01301

Outros comentarios

- A asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a presenza e participación activa na aula.
- Para superar a materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como nas horas de traballo persoal fóra da aula. Xa que logo, recoméndase firmemente o estudo diario da materia, así como a lectura atenta de todos os materiais literarios e teórico-críticos proporcionados ao longo do desenvolvemento das aulas.
- Recoméndase igualmente facer uso dos recursos da Biblioteca, tanto electrónicos coma en papel.
- O alumnado deberá ter acceso a Moovi e consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que éste será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais de lectura por parte da profesora. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais dispoñíbeis na plataforma (novidades, documentos e cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas das probas de avaliación.
- A avaliación de cada proba terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a corrección lingüística e a presentación formal.
- A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.
- Non se permite o uso de ningún dispositivo electrónico durante as aulas. Tabletas, portátiles e teléfonos móbiles están rigorosamente prohibidos.
- O alumnado deberá observar unhas normas básicas de decoro durante as aulas: chegar con puntualidade e non abandonar a aula até o remate da clase, manter unha postura axeitada e non comer durante o desenvolvemento da clase.

INFORMATION OF INTEREST FOR EXCHANGE STUDENTS:

- Students from areas not related with English Studies will not be admitted to the course.
- The English level required to enter this course is B2.
- The Galician language will be employed for the discussion of texts in the practical classes.
- The use of electronic devices (tablets, laptops and mobile phones) is strictly forbidden during the classes.
- Students are expected to observe some basic classroom decorum, which includes arriving on time, not leaving the classroom until the end of the class, keeping an appropriate posture, and not eating during the class.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisíbel evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade estabelece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== MODALIDADE MIXTA ===

Unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono. O profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estabeleza no seu momento.

=== MODALIDADE NON PRESENCIAL ===

ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS

* Metodoloxías docentes que se manteñen
Mantéñense todas as metodoloxías. As horas de aula correspondentes á lección maxistral e ao traballo tutelado levaranse a cabo mediante as ferramentas fornecidas pola Universidade de Vigo (Campus Remoto, Moovi, correo electrónico) ou calquera outra ferramenta que poida ser de utilidade.

* Metodoloxías docentes que se modifican
Ningunha

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
Correo electrónico, foro de Moovi e despacho virtual do Campus Remoto

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se prevén modificacións dos contidos

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
De ser preciso, facilitarase bibliografía específica para cada tema.

* Outras modificacións
Ningunha

ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN

Mantéñense todas as probas de avaliación. A avaliación prevista para a docencia presencial adaptarase á docencia mixta ou non presencial mediante a realización das probas a través da plataforma de teledocencia Moovi.

* Información adicional
Nunha situación extraordinaria de docencia mixta ou enteiramente non presencial, é moi difícil garantir a igualdade de oportunidades de todo o alumnado. É importante ter en conta as circunstancias materiais e psicolóxicas derivadas dunha alerta sanitaria, así como a fenda dixital que afecta a unha parte do alumnado. Por este motivo, considero que cómpre flexibilidade máxima á hora de abordar a avaliación das materias e ese será o criterio que guíe as miñas decisións a ese respecto.